respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000381)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jaime Quiroga López en representación de ESPACIO PUBLICIDAD EXTERIOR SA, para instalación de dous valados publicitarios na parcela sita na Avda. de Cambados s/n (Ref. Cat. 8953219NH1185S0001UL).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa. (Expte. URB/2016/000/729)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jaime Quiroga López en representación de ESPACIO PUBLICIDAD EXTERIOR SA, para instalación de valado publicitario na parcela sita na Avda. de Cambados s/n (Ref. Cat. 8953217NH1185S0001SL).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa. (Expte. URB/2016/000/730)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jaime Quiroga López en representación de ESPACIO PUBLICIDAD EXTERIOR SA, para instalación de valado publicitario na parcela sita na Rúa Francisco Porto Rey nº 3 (Ref. Cat. 8953218NH1185S0001ZL).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumpriran as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa. (Expte. URB/2016/000/731)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fernando Val López en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION SA, para obras de ampliación na rede eléctrica LMTS CTC RBT CRUCEIRO GALÁNS (Nº SDG: 248317099003), na Rúa do Cruceiro – Galáns, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).

2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.

3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)

5. Reposicións

GABIA LONXITUDINAL

Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado **DA METADE DO CARRIL**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

7. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.

8. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.

9. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.

10. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.

- 11.** Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
- 12.** O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
- 13.** No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- 14.** A fianza de 5.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2017/000758)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Enrique AcebalAlvarez en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, para obras de ampliación na rede de telecomunicacións na Rúa Ganariñas – Barbeitos – Rubiáns, baixo as seguintes condicións:

1. Realizárase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ó inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
2. Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderan derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
3. As obras executarásen cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
4. A colocación dos postes previstos deberán respetar a alineación establecida no PXOM.
5. No caso que por circunstancias especiais houberse que colocar o poste a distancias menores das indicadas, entenderase que se colocan provisionalmente e en precario, debendo Telefónica, retirar os postes se o solicitase o Excmo. Concello, ás distancias esixidas, cando sexa necesario por motivos de ensanche de camiño, ou calquera outra causa de ben público. O cambio de emprazamento dos postes non supoñerá ningún dereito de reclamación de indemnización ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
6. A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2019/000135)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Rodríguez Rivas, para vado permanente na Rúa Alvaro Cunqueiro nº 5 (Ref. Cat. 8852103NH1185S0002TB), de conformidade co informe da Policía Local no que se fai constar que a entrada de aproximadamente 3,20 m. xa ten o tramo da beirarrúa rebaixado.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Dése conta ao Departamento de Rendas e da Policía Local, ós efectos oportunos. (Expte. Urb/2019/000245)

Informar favorablemente a solicitude de D. Fernando Paz López, para instalación de entrada de carruxes na Rúa Alfredo Brañas nº 8 Bx., debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90°, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2º.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3º.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2019/000274).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Mario Recuna Viturro, para acometida de auga para uso doméstico na Rúa Santa María de Guillán nº 32 (Ref. Cat. 0076903NH2107N0001JW), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. URB/2019/000336)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fermin Loureiro González, para acometida á rede municipal de auga para o servizo de obra na Rúa Benitiño nº 5 – Sobradelo (Ref. Cat. 7854006NH1175S0001QG), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Exp. URB/2019/000337)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan José Millán Oubiña, para acometida á rede municipal de auga para servizo doméstico na Rúa da Escola nº 9 – Solobeira (Ref. Cat. 0110306NH2101S0001WM), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x

40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. URB/2019/000361)

LICENZAS DE SEGREGACIONES

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M^a Esther de los Reyes Oitavén Mouriño para segregación a efectos de cesión de 15,44 m² de terreos na Rúa do Sixto- Solobeira (Ref. Cat. 0508205NH2100N0001IZ) afectados pola aliñación, de conformidade co documento de cesión asinado coa data de 30/04/2019 , aceptando dita cesión, ós efectos de proceder a súa inscrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade. (Expte. URB/2019/000360)

Dáse conta do escrito presentado por Dna. Ana Belén Estévez García, no que solicita a aceptación do Concello dos 278,00 m.² de terreos cedidos na Rúa do Colexio – Carril, mediante acta subsrita en data 14/02/2019, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo informa favorablemente a aceptación de ditos terreos ós efectos de proceder a súa inscrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade. (Expte. URB/2019/000076)

Dáse conta do escrito presentado por D. Benito Padín Gestoso, no que comunica erro detectado na Resolución de Alcaldía de data 7 de novembro de 2017, relativa á agrupación e segregación de parcelas na Rúa 10 - A Rosaleda, comprobado polos Técnicos municipais que efectivamente hai un erro na citada Resolución referente ás medicións das fincas resultantes, procede a rectificación, quedando da seguinte maneira:

“ Informar favorablemente a solicitude de D. Benito Padín Gestoso, para segregación de parcela e posterior agregación en parcelas sitas na Rúa “10” – A Rosaleda nº 17, de conformidade co proxecto técnico asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Lucas Pouso Vidal, visado coa data 12/09/2016, no que expón:

“1º.- As fincas denominadas iniciais son as seguintes:

- **Parcela 1**, cunha superficie de 289 m2 clasificada como Solo de Núcleo Rural (Grado 1º) NP1.
- **Parcela 2**, cunha superficie de 154 m2 clasificada como Solo de Núcleo Rural (Grado 1º) NP1.
- **Parcela 3**, cunha superficie de 262 m2 clasificada como Solo de Núcleo Rural (Grado 1º) NP1.

2º.- Da parcela inicial denominada como Parcela 1 segréganse as seguintes parcelas:

- **Parcela A**, cunha superficie de 112,5 m2.
- **Parcela B**, cunha superficie de 112,5 m2.
- **Parcela C**, cunha superficie de 64 m2, que se corresponde coa cesión de terreos afectados pola traza viaria, e que foi obxecto de cesión mediante acta subsrita ante a Secretaria Xeral en data 30.04.2019.

3º.- As parcelas A e B agrúpanse as parcelas iniciais denominadas parcela 2 e 3, quedando as seguintes parcelas resultantes:

- **Parcela Agrupada 1 de 266,5 m² (154 m2 parcela inicial 2+ 112,5 parcela segregada A) en Solo de Núcleo Rural Grado 1º (NP1).**

- **Parcela Agrupada 2 de 374,5 m² (262 m² parcela inicial 3+ 112,5 m² parcela segregada B) en Solo de Núcleo Rural, Grado 1º (NP1)."**
- As parcelas resultantes sitúanse integramente, en Solo de Núcleo Rural, séndolle de aplicación, polo tanto, os artigos 23 e ss da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como a Ordenanza específica nº 11-Núcleo Periférico Grao 1º do Plan Xeral de Ordenación Municipal e cumpren coa superficie e fronte mínimo esixible.
- A denominada no proxecto como parcela de cesión, xa foi obxecto de cesión mediante acta suscrita ante a Secretaria Xeral do Concello en data 30/04/2019, e procede a súa inscrición no Rexistro da Propiedade a nome do Concello. (Expte. 218/17)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Esther de los reyes Oitabén Mouriño, para legalización das obras executadas de edificación para recreo familiar na Rúa do Sixto – Solobeira (Ref. Cat. 0508205NH2100N0001Z) , de conformidade co proxecto de legalización redactado pola Arquitecta Dna. Lucía Araújo Castiñeiras visado coa data 16/05/2018. Consta no expediente acta de cesión do terreo afectado pola aliñación de data 30/04/2019, e informar favorablemente, asemade, as acometidas á rede municipal de auga e saneamento da mesma edificación , baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC **mínimo de 200 mm.** (Exp. URB/2018/000279)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Gonzalo Freijeiro Fernández en representación de D. Argimiro Barreiro García, para legalización das obras executadas no edificio sito na Avda. As Carolinas nº 46 (Ref. Cat. 0159906NH2105N0001RF), de conformidade coa documentación achegada, redactada polo Arquitecto D. Gonzalo Freijeiro Fernández visado coa data de 17/12/2018 consistentes en:

“ Planta Sótano:

- Legalización de ampliación.
- Obra de construción de una escalera que comunica la planta baja y planta sótano.
- Obras necesarias para la instalación de ascensor que comunica con resto de plantas.
- Obras necesarias para la instalación de elevador de coches para acceder al aparcamiento.

Planta baja:

- Legalización de ampliación del local.
- Obra de construción de escalera para comunicación con sótano.
- Obras necesarias para la instalación de ascensor que comunica con resto de plantas.
- Obras necesarias para la instalación de elevador de coches para acceder al aparcamiento.

Planta Primera

- Legalización de reforma interior de vivienda y legalización de acondicionamiento de terraza. La propiedad realizó la unión de dos pisos originales y acondicionó la terraza.

- Obras necesarias para la instalación de ascensor que comunica con resto de plantas.

Resto de plantas:

- Obras necesarias para la instalación de ascensor que comunica con resto de plantas.”

Comunicaselle que unha vez autorizadas e executadas as obras que se proxectan e para as que se solicita licenza, deberá tramitar a correspondente licenza de 1ª ocupación do edificio de referencia.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Exp. URB/2018/000852)

Informar favorablemente a solicitude de D. Alejandro Buján Quintela, vistos os informes técnico e xurídico, para rehabilitación de vivenda , no lugar de Rúa Ferrocarril nº 14, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán, Resolución da Entidade Pública Empresarial, Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) asinado polo Director Xeral de Conservación e Mantemento da entidade pública empresarial ADIF de data 5.02.2019 en cuxa virtude se outorgar a autorización solicitada para rehabilitación de vivenda unifamiliar, da que se adxunta copia.. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Rústico
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 7 m. B+1;
4. Orzamento de execución material: 42.089,80 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 3600A028000210001HY
6. Técnicos directores das obras:

Arquitecto D. Manuel Rodriguez Fontán

Director das obras D. Manuel Rodriguez Fontán

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Dado que o proxecto presentado é básico, con carácter previo ao inicio das obras, deberá presentarse:

- Proxecto de execución debidamente visado polo colexio profesional correspondente.
- Estudo de Seguridade e Saúde.
- Oficio de Coordinador de Seguridade e Saúde.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dése conta ao Departamento de Rendos ós efectos de facturación do ICIO. (Exp. URB/2019/000210)

Informar favorablemente a solicitude de D. Enrique Luis Peñas Ocampo, para legalización das obras executadas consistentes en reforma e ampliación dos galpóns para destinalos a usos complementarios (garaxe, lavandería, aseo e trasteiro); ampliación da cuberta da vivenda para crear un porche; realización dun cobertizo para leñeira e galiñeiro e unha nova construción para zona de esparcemento, na parcela sita na Avda. de Cornazo nº 33 (Ref. Cat. 9445707NH1194N0001BZ), de conformidade co proxecto de legalización de obras menores en vivenda y de construción auxiliares asinado polo Arquitecto Técnico D. Joaquín Lustres Carregal, visado coa dat de 21/02/2019.

Deberá achegar Ficha de Estatística da Edificación e Vivenda, xa que non consta no expediente. (Expte. URB/2019/000246)

ASUNTOS VARIOS

Dáse conta da Resolución de data 25 de abril de 2019 de augas de Galicia relativa a usos privativos por disposición legal, recoñecemento do dereito e inscrición no rexistro de augas a favor de Dna. Tatiana Cobos Casás (Clave DH.B.36.62309)

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo queda sabedor.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.